



Escoita con moita atención para contestar ben as preguntas do texto.

### Rato de campo, rato de cidade

Había unha vez un rato que vivía feliz no campo. Corricaba polo prado e, cando tiña fame, sempre había de achegarse ata unha casiña e coller un pouco de queixo, unhas galletas ou un anaquiño de biscoito. Comía tranquilamente e despois volvía ao campo para durmir a sesta. Non lle faltaba de nada!

Un día, o rato de campo recibiu unha carta dun seu curmán que vivía na cidade. O curmán convidábalos a pasar uns días na súa casa. Tamén lle dicía que esperaba que aceptase o seu convite, porque estaba seguro de que a cidade lle ía gustar e de que xuntos o habían de pasar moi ben.

Ao recibir aquela carta, o rato de campo alegrouse moito, pois había bastante tempo que non vía o seu curmán. Así que ese mesmo día púxose en camiño.

O rato de campo chegou á cidade. O curmán agardábalos no lugar no que quedarán, preto da estación. Ao verse abrazáronse con moito cariño.

—Que alegría que viñeras! —díxolle o curmán—. Xa verás que ben o imos pasar.

Nese momento, un coche estivo a punto de atropelalos e tiveron que apartarse dun salto.

—Canta xente! E... canto ruído! —dixo o rato de campo.

—Non teñas medo, curmán —díxolle o rato de cidade—. Deseguida te afarás. Imos á miña casa. Alí poderás descansar. Chegaron á casa onde vivía o rato de cidade. Era unha casa grande, con moitos cuartos e un soto.

Deseguida, o rato de cidade levou o seu curmán ata a cociña.

—Que ben vives, curmán! —dixo o rato de campo ao ver toda a comida que había sobre a mesa—. Agradézoche moito que preparases este banquete para min.

Os ratos dispoñíanse a comer, cando apareceu unha señora moi enfadada, berrando e sacudindo unha vasoira que levaba na man.

—Corre, corre, que non nos colla... —dixo o rato de cidade.

Os ratos baixaron ao soto sen probar bocado.

—Non te preocupes —dixo o rato de cidade—. Esperaremos a que todos durman e poderemos comer ata fartarnos.

Cando se fixo de noite e a casa quedou en calma, os dous ratos volveron á cociña e empezaron a comer: un anaquiño de queixo, un anaquiño de xamón... De súpeto escoitouse un ladrado.

—Que é iso? —preguntou o rato de campo.

—Non te preocupes, curmán. É o can da casa.

Nese momento abriuse a porta da cociña. Un enorme can entrou ladrando e o rato de campo saíu disparado cara á rúa.

—Eh, espera! Volve! —chamou o rato de cidade—. O can decontado ha de ir durmir.

—Querido curmán, agradézoche o teu convite —dixo o rato de campo—, pero todo este barullo non é para min. Volvo para a miña casa.

Os dous ratos abrazáronse e o rato de campo emprendeu o camiño de volta. Dende lonxe chegáballe o olor a biscoito que saía dunha pequena casiña. Estaba tan contento que se puxo a dar pinchacarneiros polo prado. Xa estaba na casa! Sabía que a súa vida estaba no campo. E sentíase inmensamente feliz.

1 Cantos personaxes ten este conto?

un personaxe

dous personaxes

tres personaxes

2 Como é a voz que conta a historia?

masculina

feminina

3 Quen son os personaxes da historia?

Dous ratiños.

Un rato e unha señora cunha vasoira.

Un rato e un can.

4 De onde eran os ratos?

Un era un ratiño de campo e outro, un ratiño de cidade.

Eran dous ratiños de campo.

Eran dous ratiños de cidade.

5 A onde foi o ratiño de campo?

Visitar ao seu curmán á cidade.

Visitar os museos da cidade.

Visitar un parque acuático.

6 Indica verdadeiro (V) ou falso (F).

- Cando ían comer chegou unha señora moi enfadada cunha vasoira.
- A comida serviulla un camareiro vestido de uniforme.
- Foron comer a unha pizzería.

7 Que decisión tomou o ratiño de campo?

- Marchar para o campo e levar o can consigo.
- Marchar para o campo para vivir tranquilo.
- Quedar na cidade e vivir coa señora da vasoira.

8 Que che ensinou esta historia?

- Que é mellor vivir tranquilo e non desexar moitas cousas.
- Que nas cidades os cans son moi malos.